- IES INDALECIO PÉREZ TIZÓN (Tui – Pontevedra)

### EMILIO DÍAZ VARELA

Profesor contratado Doutor da Área de Proxectos de Enxeñaría

- CPI PONTECESURES (Pontecesures – Pontevedra)
- IES FERNANDO ESQUÍO (Neda - A Coruña)
- IES TERRA CHA JOSÉ TRAPERO PARDO (Castro Ribeiras do Lea – Lugo)

### EDUARDO MANUEL GONZÁLEZ FERREIRO

Profesor contratado Doutor da Área de Proxectos de Enxeñaría

- CPI TINO GRANDÍO (Guntín – Lugo)

### FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ

Profesor colaborador da Área de Expresión Gráfica da Enxeñaría

- CPI A PICOTA (Mazaricos - A Coruña)
- CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR (Boimorto - A Coruña)
- CPI PECALAMA (Pontepedra, Tordoia - A Coruña)
- CPI TERRAS DE MASIDE (Maside – Ourense)
- CPI UXÍO NOVONEIRA (Pedrafitas do Cebreiro – Lugo)
- CPR SEMINARIO MENOR (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES LUIS SEOANE (Pontevedra)
- IES MARIA SARMIENTO (Viveiro – Lugo)
- IES QUIROGA (Quiroga – Lugo)
- IES RAMÓN CAAMAÑO (Muxía - A Coruña)

## MANUEL FRANCISCO MAREY

Catedrático de Universidade da Área de Proxectos de Enxeñaría

- IES ESCOLAS PROVAL (Nigrán – Pontevedra)
- IES SAN ROSENDO (Mondoñedo – Lugo)

## ROQUE RODRÍGUEZ SOALLEIRO

Catedrático de Universidade da Área de Produción Vexetal

- CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA (Cuntis – Pontevedra)
- CPI COVATERREÑA (Baiona – Pontevedra)
- IES N<sup>o</sup> 1 (A Estrada – Pontevedra)
- IES PRIMEIRO DE MARZO (Baiona – Pontevedra)

## ALBERTO ROJO ALBORECA

Profesor Titular de Universidade da Área de Enxeñaría Agroforestal

- IES A PINGUELA (Monforte de Lemos – Lugo)
- IES DAVIÑA REY (Monforte de Lemos – Lugo)
- IES RÍO MIÑO (Rábade – Lugo)

## ANA DARÍA RUÍZ GONZÁLEZ

Profesora Contratada Doutora da Área de Enxeñaría Agroforestal

- IES MANUEL MURGUIA (Arteixo - A Coruña)
- IES OLLOS GRANDES (Lugo)
- IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL (A Coruña)

## ABLO VILA LAMEIRO

Profesor Contratado Doutor da Área de Enxeñaría Agroforestal

- CFEA LOURIZÁN (Pontevedra)
- IES DE CANIDO (Ferrol - A Coruña)
- IES MONTECELO (Pontevedra)
- IES SALVATERRA DO MIÑO (Salvaterra do Miño – Pontevedra)
- IES SOFÍA CASANOVA (Ferrol - A Coruña)
- IES XUNQUEIRA I (Pontevedra)



ENCONTROS  
DO  
ENSINO MEDIO  
E DA  
USC

ENCONTROS NA USC CURSO 2017-18

## CAMPUS DE SANTIAGO

Preto de 3.356 alumnos de 63 centros de ensino secundario de toda Galicia visitaron o Campus de Santiago, dentro dos Encontros na USC 2018. Con esta iniciativa preténdese acercar ao alumnado de Ensino Medio aos estudos nos que eles están máis interesados mostrándolle as materias coas que se van atopar así como as súas saídas profesionais, a posibilidade de emprego etc, e coñecer as instalacións onde se imparte a titulación na que están interesados, e poder asistir a unha clase cos alumnos de 1º curso e, nalgún caso, visitar laboratorios de clases prácticas.

Nestas visitas, ademais dos responsables dos centros participaron os estudantes do 2º ano do curso de titores, que foron os encargados de dirixilos polos campus e comentarlles as súas vivencias na USC

Os percorridos que se ofertaron foron os seguintes:

# PERCORRIDOS

## SAÍDA DA RESIDENCIA BURGO DAS NACIÓNS ÁS 10:30 (CAMPUS NORTE)

- 1: Filloxía e Ciencias da Comunicación
- 2: Ciencias Económicas e Empresariais
- 3: Traballo Social e Ciencias da Educación (Mestres)
- 4: Enfermaría e Medicina
- 5: Enfermaría e Odontoloxía
- 6: Xeografía e Historia e Filosofía

## SAÍDA DA RESIDENCIA MONTE DA CONDESA ÁS 10:30 (CAMPUS VIDA)

- 7: Dereito, Relacións Laborais e Ciencias Políticas e Sociais
- 8: Química e Enxeñaría Química
- 9: Bioloxía e Farmacia
- 10: Enxeñaría Informática e Matemáticas
- 11: Física e Matemáticas
- 12: Enxeñaría Informática e Física
- 13: Química e Física
- 14: Óptica e Optometría
- 15: Psicoloxía e Ciencias da Educación

Pola tarde realizaron visitas ao Patrimonio Histórico e ao Centro Superior de Hostalaría de Galicia, ás Residencias Universitarias, ao Museo de Historia Natural e á Cidade da Cultura.

Total de alumnos que participaron no Campus

TOTAL ALUMNOS	3.356
TOTAL CENTROS	63

Relación de centros que visitaron o Campus de Santiago de Compostela:

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
CPR PLURILINGÜE CALASANCIAS	A CORUÑA	A CORUÑA
IES A SARDIÑEIRA	A CORUÑA	A CORUÑA
CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA	A CORUÑA	A CORUÑA
IES DA POBRA DO CARAMIÑAL	A POBRA DO CARAMIÑAL	A CORUÑA

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
IES PLURILINGUE DE AMES	AMES	A CORUÑA
CPR NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN	BETANZOS	A CORUÑA
IES ESPIÑEIRA	BOIRO	A CORUÑA
IES PRAIA BARRAÑA	BOIRO	A CORUÑA
IES DE BRIÓN	BRION	A CORUÑA
IES MONTE NEME	CARBALLO	A CORUÑA
IES DE CURTÍS	CURTIS	A CORUÑA
IES SATURNINO MONTOJO	FERROL	A CORUÑA
IES DO MILLADOIRO	MILLADOIRO	A CORUÑA
IES MUGARDOS	MUGARDOS	A CORUÑA
IES AS TELLEIRAS	NARÓN	A CORUÑA
IES TERRA DE TRASANCOS	NARÓN	A CORUÑA
IES XULIÁN MAGARIÑOS	NEGREIRA	A CORUÑA
IES MIRAFLORES	OLEIROS	A CORUÑA
IES Nº 1	ORDES	A CORUÑA
IES MACÍAS O NAMORADO	PADRÓN	A CORUÑA
IES NEIRA VILAS	PERILLO - OLEIROS	A CORUÑA
IES BREAMO	PONTEDEUME	A CORUÑA
IES FRAGA DO EUME	PONTEDEUME	A CORUÑA
IES DE PORTO DO SON	PORTO DO SON	A CORUÑA
IES FÉLIX MURIEL	RIANXO	A CORUÑA
IES Nº 1	RIBEIRA	A CORUÑA
ISAAC DÍAZ PARDO	SADA	A CORUÑA
IES PONTEPEDRIÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES ARCEBISPO XELMIREZ I	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
SEMINARIO MENOR SANTIAGO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES EDUARDO PONDAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
IES ARCEBISPO XELMIREZ 2	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES PERDOURO	BURELA	LUGO
IES PERDOURO	BURELA	LUGO
IES VAL DO ASMA	CHANTADA	LUGO
IES FRANCISCO DAVIÑA REY	MONFORTE DE LEMOS	LUGO
IES MARQUÉS DE SARGADELOS	SAN CIBRAO - CERVO	LUGO
IES GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	LUGO
IES MARÍA SARMIENTO	VIVEIRO	LUGO
IES CHAMOSO LAMAS	O CARBALLIÑO	OURENSE
IES Nº 1 O CARBALLIÑO	O CARBALLIÑO	OURENSE
CPR PLURILINGÜE SANTA MARÍA-MARISTAS	OURENSE	OURENSE
IES XESÚS TABOADA CHIVITE	VERÍN	OURENSE
IES LAGOA DE ANTELA	XINZO DE LIMIA	OURENSE
IES PRIMEIRO DE MARZO	BAIONA	PONTEVEDRA
IES CHANO PIÑEIRO	FORCAREI	PONTEVEDRA
IES CHAN DO MONTE	MARÍN	PONTEVEDRA
IES PINO MANSO	O PORRIÑO	PONTEVEDRA
IES PEDRA DA AUGA	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
CPR SAGRADO CORAZON	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
IES MENDIÑO	REDONDELA	PONTEVEDRA
CPR SANTIAGO APOSTOL	SOUTOMAIOR	PONTEVEDRA
IES ANTON ALONSO RIOS	TOMIÑO	PONTEVEDRA
IES ANTÓN ALONSO RIOS	TOMIÑO	PONTEVEDRA
IES RIBEIRA DO LOURO	TORNEIROS, O PORRIÑO	PONTEVEDRA
IES DE VALGA	VALGA	PONTEVEDRA
CPR SAN JOSÉ DE CLUNY	VIGO	PONTEVEDRA
IES A GUIA	VIGO	PONTEVEDRA
IES DE BEADE	VIGO	PONTEVEDRA



NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
CPR MARIA AUXILIADORA SALESIANOS	VIGO	PONTEVEDRA
IES FERMIN BOUZA BREY	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA
IES CASTRO ALOBRE	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA

## CAMPUS DE LUGO

### ENCONTROS NO CAMPUS DE LUGO:

No curso 2017-18 tamén se levaron a cabo os xa consolidados “Encontros no Campus Terra de Lugo” para dar a coñecer este Campus e as súas titulacións de Grao ao alumnado de Secundaria de toda Galicia.

Nesta ocasión, volvéronse a convocar en tres datas diferentes cun mesmo programa para facilitar o acceso aos centros interesados, sendo necesaria a realización das tres xornadas pola alta demanda. As datas elixidas foron o xoves 15 de febreiro, o venres 23 de marzo e o martes 24 de abril de 2018, aínda que tamén se fixo unha xornada *ad hoc* o 22 de marzo para un centro ao que só lle interesaba o itinerario da Facultade de Formación do Profesorado polas características do seu alumnado.

Pero houbo tamén unha novidade importante nesta actividade con respecto aos cursos anteriores: convocáronse unhas axudas para o transporte para aqueles centros de fora da cidade de Lugo que quixeran participar nos Encontros con alumnado de 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores. Conseguíronse fondos a través do plan de choque do Campus Terra, patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo, e fíxoche extensiva esta convocatoria a todos os centros da provincia de Lugo, fora da capital, que tiveran estes niveis de ensino. Pero o resultado da mesma, sendo importante ao ter conseguido a participación de 6, non acadou o impacto que se buscaba coa iniciativa. Porén, considérase unha medida que hai que manter e difundir con maior forza para acadar mellores resultados na participación, e tamén na posterior elección do alumnado á hora de ir á universidade.

En calquera caso, a participación acadou nesta ocasión case o **milleiro** de asistentes entre as tres xornadas, novo cunha importante subida con respecto ao pasado curso, que baixara dende o anterior. En relación co alumnado actual do Campus, participou practicamente un alumno de secundaria por cada catro universitarios.

O número de centros que acudiron ao Campus de Lugo foi de **26** das provincias de Lugo e A Coruña, preferentemente da primeira, e aínda que o número de solicitantes nun principio era sensiblemente superior, o tempo transcorrido dende que se fai a solicitude ata a última das xornadas ofertadas fai que nesta última haxa importantes reaxustes á hora da participación efectiva. En calquera caso, dicir que as tres xornadas, que se desenvolveron seguindo un programa similar, cun acto xeral de acollida, con visitas ás escolas e facultades por itinerarios de interese manifestado polo alumnado participante, e

tamén cunha visita á Biblioteca Intercentros foron exitosas e cumpriron os obxectivos que inicialmente se marcaron. Esta é a conclusión que se pode sacar á vista do recollido nas enquisas que foron cubertas a posteriori dende os equipos de orientación dos centros participantes, nas que se lles pedía que valoraran aspectos como o contido e o desenvolvemento da programación da xornada, os itinerarios propostos, a participación do alumnado titor da USC, os tempos dedicados ás distintas actividades e o grao de satisfacción do alumnado de secundaria participante, aí como a xornada en xeral. A valoración media para as tres xornadas, contando coa opinión de 22 dos 26 centros participantes nos Encontros, foi de **4'46** puntos sobre 5

Os itinerarios máis solicitados foron os das Facultades de Formación do Profesorado, ADE, Enfermaría e Ciencias, por esa orde, e os menos demandados os de Humanidades e Relacións Laborais e RRHH.

Como se pode comprobar, as visitas ao Campus de Lugo, practicamente inexistentes antes de poñer en marcha a coordinación do Programa en Lugo (mentras que no Campus de Santiago contan cunha alta participación dende hai tempo), foron acadando un número importante de participantes, e cabe destacar que marchan cun importante grao de satisfacción tras a súa visita

## PERCORRIDOS

- 1.- Facultade de Administración e Dirección de Empresas
- 2.- Facultade de Ciencias
- 3.- Facultade de Formación do Profesorado
- 4.- Facultade de Humanidades
- 5.- Facultade de Veterinaria
- 6a e 6b.- Escola Politécnica Superior
- 7.- Escola de Enfermería
- 8.- Escola de Relación Laborais

## RELACIÓN DE CENTROS QUE VISITARON O CAMPUS DE LUGO

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR	BOIMORTO	A CORUÑA
IES SATURNINO MONTOJO	FERROL	A CORUÑA
CPI DOS DICES	ROIS	A CORUÑA
IES FONTEM ALBEI	A FONSAGRADA	LUGO
CPI LUIS DÍAZ MORENO	BARALLA	LUGO
IES DE BECERREÁ	BECERREÁ	LUGO
IES MONTE CASTELO	BURELA	LUGO

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ	FRIOL	LUGO
CPI TINO GRANDÍO	GUNTÍN	LUGO
CIFP POLITÉCNICO	LUGO	LUGO
CPR DIVINA PASTORA - SALESIANOS	LUGO	LUGO
CPR FRANCISCANOS	LUGO	LUGO
CPR SAN JOSÉ	LUGO	LUGO
IES SANXILLAO	LUGO	LUGO
IES LUCUS AUGUSTI	LUGO	LUGO
CIFP AS MERCEDES	LUGO	LUGO
IES Nª Sª OLLOS GRANDES	LUGO	LUGO
IES ANXEL FOLE	LUGO	LUGO
IES PEDREGAL DE IRIMIA	MEIRA	LUGO
IES SAN ROSENDO	MONDOÑEDO	LUGO
IES DE MONTERROSO	MONTERROSO	LUGO
CPR SAGRADO CORAZÓN	RIBADEO	LUGO
IES MARQUÉS DE SARGADELOS	SAN CIBRAO - CERVO	LUGO
IES GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	LUGO
IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ	SARRIA	LUGO
IES MARÍA SARMIENTO	VIVEIRO	LUGO

# CURSO

«PROGRAMA DE FORMACIÓN DE  
TITORES E ORIENTADORES ACADÉMICOS»

Na 1ª etapa do curso formase ao alumnado para que coñeza o funcionamento da USC e na 2ª etapa estes alumnos dan acollida aos alumnos de 1º curso e colaboran co Programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC. Tamén colaboran dando acollida aos estudantes extranxeiros (Erasmus e de intercambio).



O programa do 1º curso, xunto cos docentes que o imparten, e o que se detalla a continuación:

### Parte xeral:

TEMARIO	PROFESORADO
1 A Formación na USC. Grao, Posgrao e Formación Continua	Margarita Valcarce Fernández
2 Programas de Mobilidade	Anne Forryan Alba Cachafeiro
3 A USC. Organización e Servizos	José Luis Braña Mª. Jesús Varela Pulpeiro
4 As relacións administrativas alumno universidade.	Francisco Colomer Fariña Mª. Asunción Pérez Pérez
5 CLM formación, avaliación e acreditación de competencias lingüísticas	Katerina Vlasakova Martázul Busto Nuñez
6 Actividades Culturais e Deportivas	Pablo Sampedro Magán Alexandre Cadarso Paloma Lugilde Rodríguez Jesús Castro López
7 A participación desde a USC: voluntariado, cooperación e integración	Javier Agrafojo Fernández Fátima Teixeira Vázquez
8 Calidade na USC	Pilar Martínez García
9 A titoría e a orientación universitaria/ Titoría entre iguais: planificación e recursos	Julia Díz López
10 Técnicas de Comunicación	Enrique Castelló Mayo Pablo Vázquez Sande
11 O desenvolvemento da carreira profesional: o emprendemento e o emprego	Celia Conde-Pumpido Tourón Gloria Cruz Amil
12 A participación desde a USC: Voluntariado, cooperación e integración	Javier Agrafojo Fernández Fátima Teixeira Vázquez

### Parte específica:

Cada centro informará aos seus titores sobre as particularidades do mesmo; referido a:

- Planos de estudos
- Intercambios existentes
- Saídas profesionais

Esta parte específica inpartiuise no número de sesións que cada centro estimou oportuno

ACTO DE  
RECOÑECEMENTO  
AOS  
MELLORES  
ESDUDANTES

DE CENTROS DE ENSINO MEDIO DE GALICIA NAS  
PROBAS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO  
PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE



O mércores día 4 de xullo de 2018, ás 18 horas, no Palacio de Congresos e Exposición de Galicia en Santiago de Compostela celebrouse o acto de recoñecemento ao mellor alumnado de Centros de Ensino Medio de Galicia. Este estudantes acadaron unha nota media de 9 entre o bacharelato e a fase xeral da proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) na convocatoria de xuño de 2018.

Un total de 704 estudantes pertencentes a 201 centros de Ensino Medio, deles 265 son homes e 439 mulleres, foron invitados a asistir ao acto acompañados dos seus familiares e representantes de centros de Ensino Medio de Galicia onde cursaron o Bacharelato. A distribución de alumnos/as por provincias foi a seguinte:

<b>Provincia</b>	<b>Nº total de alumnos/as</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Homes</b>
A CORUÑA	317	185	132
LUGO	104	73	31
OURENSE	60	39	21
PONTEVEDRA	223	142	81

O acto estivo presidido polo Reitor da USC Antonio López . Entreviú a futura alumna do Grao en Medicina da USC Lidia González Teijido do IES “Concepción Arenal” de Ferrol en representación do alumnado de mellores expedientes.

A continuación entrevistou o profesor Carlos Alonso Rey, Director do IES «A Sangriña» de A Guarda, en representación dos seus colectivos e o Alcalde do Concello de Santiago.

Ao alumnado homenaxeado fíxoselle entrega dun diploma, en recoñecemento ao seu esforzo co desexo de que manteñan a mesma liña de traballo en cursos vindeiros, así como diverso material, bolsa, carpeta e gorra da USC.

Posteriormente nas instalacións do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia ofreceuse un aperitivo para todas as persoas asistentes.

É de agradecer a colaboración que para este acto prestou o Concello de Santiago de Compostela.

# Lidia González Teijido

## IES CONCEPCIÓN ARENAL – FERROL

**S**eñor Reitor, autoridades representantes dos organismos e institucións, profesores, compañeiros e familiares, boas tardes a todos. En primeiro lugar gustaríame agradecer a vosa presenza neste día tan especial, así como o labor da Universidade de Santiago de Compostela organizando este conmemorable acto.

Hoxe teño a honra e o pracer de dirixirme a vós en nome de todos os estudantes que rematamos este ano o Bacharelato e realizamos as probas de acceso á universidade. Aínda que pode semellar unha tarefa difícil, representar un grupo tan rico e heteroxéneo, pódese dicir que todos os seus integrantes, entre os que me inclúo, compartimos nestes últimos anos experiencias que dalgunha maneira conectan as nosas historias e nos reúnen aquí hoxe. Esta viaxe, que nos levou ata este momento, parece imposible de recoller cunhas poucas palabras, pero de seguro será lembrada por todos nós coa intensidade que a caracteriza, e é que mentres tentabamos resistir esa carreira contrarreloxo, chea de nervios e tensión, semellaba que o tempo escapaba sen solución. Aínda así, non deixamos un minuto sen espremer e sen aproveitar, tendo sempre

a mirada posta nas nosas esperanzas e nos nosos sonhos. Pero, como ben dixo o noso querido Castelao “o verdadeiro heroísmo consiste en converter os sonhos en realidades e as ideas en feitos”. Por iso, hoxe pódese dicir que todos nós somos heroes, experimentando as gratificantes sensacións que provoca ver os obxectivos cumpridos e obter o recoñecemento por todo o esforzo realizado, é agora cando despois de conseguir superar o desafío máis esixente, descubrimos como as nosas aspiracións cobran vida diante dos nosos ollos.

Non obstante, aínda que pareza que chegamos á meta, aínda somos pezas que se manteñen unidas grazas a todos os hoxe aquí presentes, que conseguiron que o día de mañá, antes que médicos, enxeñeiros, periodistas ou artistas, sexamos persoas. Os nosos profesores, que nos inculcaron valores coma o amor ao traballo ou a curiosidade intelectual e que nos transmitiron coñecementos para que, seguindo o exemplo da parábola dos talentos, os fagamos medrar, devolvendo á sociedade a esperanza que deposita cada día en nós. Pero tamén as nosas familias, que guiaron os nosos pasos dende o comezo desta aventura, e estiveron ao



noso carón celebrando os nosos éxitos e apoiándonos nos momentos máis difíciles. Todos eles serviron de cimento para ir construíndo, pouco a pouco, esa escaleira que nos permitirá chegar a un lugar onde poderemos observar o mundo que nos rodea cunha nova visión, que nos descubra aquilo que permanecía agochado ata o de agora.

Así, imos decatándonos de que malia que despois dun duro traballo se atopa unha grata recompensa, aínda queda moito lenzo sobre o que pintar. E é que non se trata de como empeza a nosa historia, nin tampouco de como remata, é o camiño, as súas fochas e a forma en que as superamos o que nos fai medrar e ser mellores. De agora en diante tócanos loitar polo noso futuro, aquel que desexamos, sen deixar que os nosos medos ocupen o lugar das nosas ambicións.

Vivimos nun mundo no que debemos esforzarnos cada día por lograr unha sociedade que se vexa expresada nunha convivencia sa, un respec-

to mutuo e na cal a práctica dos valores non sexa unha casualidade. É por iso, que a educación, que comeza cunha simple pregunta, se constitúe hoxe como a arma máis poderosa, ademais de ser a mellor inversión para lograr un futuro no que non sexa suficiente con nacer persoas, senón que tamén teñamos que chegar a selo.

Así, non podo rematar doutra maneira que lembrando o meu paso polo Instituto Concepción Arenal, que ten a honra de levar o nome dunha gran muller, cunha vida protagonizada pola entrega e o compromiso que non só nos recorda a importancia de loitar por conseguir un mundo máis xusto, senón tamén o privilexio que supón poder acceder ao saber con dereito e liberdade. “Abride escolas e han de pechar os cárceres” foron algunhas das súas verbas máis célebres, palabras que sen dúbida demostran que aínda debemos seguir traballando para liberar unha sociedade prisioneira de si mesma.

# D. Carlos Alonso Rey

Director IES A SANGRIÑA

**E**stimado/as asistentes: Sr Reitor da USC, Sr Alcalde de Santiago, Sres/as Vicerreitores, Sr Coordinador do Programa “A Ponte”, Sr Hervella, alumnos e alumnas, familias.

Como director do IES A Sangriña de A Guarda, e en representación dos centros de ensino secundario de Galicia, atópome hoxe diante vosa para participar na celebración dun acto dunha magnitude e calado extraordinario. E esta circunstancia representa para min unha enorme responsabilidade. Responsabilidade porque quixera que as palabras que aquí vos dirixa estean parellas e consoantes coa emotividade e a repercusión deste evento. Cando D. Luís Hervella convidoume a participar nesta celebración (circunstancia comunicada inicialmente pola orientadora do meu centro, María Ángeles Martínez) inmediatamente sentín o reto de aquel que se enfronta a un baleiro que ha de encher. Este *horror vacui* axiña demandou ideas, liñas mestras de exposición, intencións, frases que ambicionaran ser significativas. Pero teño que confesar que tales propósitos nunca chegaban máis alá do estadio de proxectos, sen concreción definitiva.

As palabras que agora estades a escoitar, son froito dunha consideración, dunha revelación asumida no medio desa fase de preparación. E dita re-

velación aportou un concepto que considerarei ben podería ser o reitor deste discurso. Ese concepto é a **admiración**. Porque é admirable o feito de estar aquí reunidos. Porque é admirable celebrar que as portas do voso futuro, que se antolla brillante, están abertas de par en par a xeito de punto de partida para as vosas vindeiras singraduras vitais e académicas.

Como parte integrante do sistema educativo, hoxe eu sinto profunda admiración por vós. Pero permitídemme que sinta tamén unha profunda admiración por todas as ferramentas que vos posibilitaron chegar ata onde hoxe estades; porque hoxe tamén aquí festexamos a consecución dun dos principais obxectivos disto que se da en chamar o oficio de ensinar: o logro dunha formación de calidade. Este logro tamén o é dun sistema educativo ás veces maltratado e inxustamente xulgado. Un sistema que acotío ten que soportar unha estigmatización social absolutamente inxusta. E quen sabe se debido a dita estigmatización, os nosos representantes políticos aínda non foron quen de concretar nun modelo consensuado, un absolutamente necesario pacto político polo ensino o cal antóllase chave se queremos afrontar os retos que a sociedade actual e futura demandan. Malia ese grave atranco estrutural, hoxe estamos aquí para



celebrar que un grupo dos nosos estudantes acada a excelencia. Estudantes de centros tanto de titularidade pública como de iniciativa privada, e que representan aos mellores expedientes do ensino medio galego. Este éxito do sistema non debería de evitarnos a reflexión. Unha reflexión que involucre a todos os sectores sociais e, por suposto e en primeira liña, á Administración. Unha reflexión que pase por establecer que modelo queremos de ensino cara ao século XXI e que valor darémoslle dentro da sociedade. Porque non podemos seguir admitindo nos nosos centros a carencia de recursos humanos nas aulas, o recorte da oferta educativa, o desprezo ás disciplinas humanísticas, a precariedade material en moitas ocasións. A so-



cidade ten que demandar dos lexisladores e dos administradores un ensino que forme e de servizo aos cidadáns, que forme seres humanos dende unha óptica holística, non só baseada no utilitarismo ou na lóxica de mercado.

A tarefa é inxente pero retorna recompensa. Hoxe temos o claro exemplo aquí de que tal esforzo retorna sempre recompensa. O noso sistema, con todas as súas taras, con todo o seu déficit estrutural, coa súa pavorosa indefinición, é quen de formar ao alumnado do máis alto nivel.

Sexamos ambiciosos polo tanto, arriquemnos, poñamos o ensino como prioritario, como reto primordial, como materia fóra do combate político, multipliquemos a cifra de alumnos e alumnas

que acadan esas cotas de excelencia, démoslle máis oportunidades a aqueles que hoxe non están aquí, a aqueles que por contextos sociais desfavorecidos, por falla da atención á súa diversidade, por non encaixar en métodos e procedementos a miúdo ríxidos, non están aquí. Eles son tamén excelentes, eles son tamén o motor do sistema, un sistema que, lembremos, ten a obriga de ser garante da igualdade.

Pero a admiración que hoxe todos compartimos tamén é pola vosa alegría, por ter acadado os vosos obxectivos. Os esforzos agora cadran e encaixan, tanto os vosos, que foron abundantes e xenerosos ao longo deste interminable curso, como os dos vosos profesores e profesoras. Como tamén

o foron os das vosas familias que representan o re-fuxio no cal acubillarnos e que tan extraordinario soporte significan para a tarefa docente a cal non se entende sen a súa comprensión e complementariedade. Todos eses esforzos, todos en definitiva, serviron para poñer nas vosas mans a prezada chave coa que abrir as portas de todo aquilo co que a vida, de seguro, espera agasallarvos.

Como profesor direivos que a maior aventura é precisamente a que tedes diante vosa: o coñecemento, a inefable oportunidade de liberdade que o coñecemento entrega ao ser humano. Nas miñas clases de Historia da Arte fágolles ver aos meus alumnos e alumnas que todo aquilo que estudarán coa materia será un tesouro ao cal retornar, ás veces voluntariamente...outras veces de xeito involuntario, coma se dun acto reflexo se tratara. E sinceramente teño que confesar que non creo equivocarme porque o coñecemento ven reflectido en aquelas circunstancias académicas ou persoais máis variadas. E esa é, en parte, a súa riqueza e a súa grandeza. Ao marxe da utilidade social da vosa formación (vexo aquí futuros médicos, enxeñeiros, profesores, avogados, científicos, técnicos etc) a maior satisfacción será a que acadedes no eido persoal, no plano espiritual, como seres humanos sensibles e sociais, xa que o coñecemento adquirido, de seguro, estará no trasfondo das vosas vivencias e emocións máis valiosas. Gozade delas cando retornen porque, nese momento, vos decataredes que vagou a pena tanto esforzo.

Remato dando as grazas a todos os presentes, ao *Programa A Ponte* por esta iniciativa, pero sobre todo e, en especial, grazas a todos vós, alumnos e alumnas, por facernos sentir tan orgullosos.

Boa Tarde.





OUTRAS ACTIVIDADES



## XXVI XORNADAS DE ORIENTACIÓN UNIVERSITARIA E PROFESIONAL DO CONCELLO DE A CORUÑA

Organizada polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña do 9 ao 13 de Abril de 2018 celebráronse as xornadas de información e orientación ao alumnado de ensino medio, do centro da cidade e arredores nas que participou o profesorado da USC, que de seguido se indica para presentar as distintas titulacións que a nosa Universidade oferta

ESTUDOS	PROFESORADO
Matemáticas	M. Elena Vázquez Cendón
Matemáticas + Física	M. Elena Vázquez Cendón
Enxeñaría Informática + Matemáticas	M. Elena Vázquez Cendón
Comunicación audiovisual + Xornalismo	Carlos Toural Brán
Xornalismo	Carlos Toural Brán
Óptica e optometría	Carlos García Resúa
Veterinaria	M <sup>a</sup> Izaskun Ibarguren Arizeta
Filosofía	F. Javier Barcia González
Física	José Manuel Sanchez de Santos
Física + Química	José Manuel Sanchez de Santos
Enxeñaría agrícola e agroalimentaria	Francisco Javier Lopez Gonzalez
Enxeñaría forestal e do medio natural	Francisco Javier Lopez Gonzalez
Enxeñaría agrícola e agroalimentaria + Enxeñaría forestal e do medio natural	Francisco Javier Lopez Gonzalez
Psicoloxía	Castor Méndez Paz
Xeografía e ordenación do territorio	Francisco Durán Villa
Historia	Fernando Pérez Rodríguez
Historia da arte	Fernando Pérez Rodríguez
Ciencias da cultura e difusión cultural	Gonzalo Francisco Fernández Suárez
Nutrición humana e dietética	Jesús Casabiell Pintos
Odontoloxía	Jacobo Limeres Pose
Farmacía	M <sup>a</sup> Isabel Sández Macho
Farmacía + Odontoloxía	Jacobo Limeres Pose
Medicina	José Carreira Villamor
Traballo social	M <sup>a</sup> Elena Puñal Romarís
Línguas e literaturas modernas	Susana Jiménez Placer
Filoloxía clásica	Susana Jiménez Placer
Enxeñaría procesos químicos industriais	Gerardo Pereira Gonçalvez
Pedagoxía	Margarita Valcarce Fernández

## Programación III Campus STEM ANPA IES Rosalía de Castro – USC

Do 25 de xuño ao 29 de xuño de 2018 na Universidade de Santiago de Compostela

Campus Científico:

Descubre o Mundo STEM (science Technology Engineering Maths)

A ANPA IES Rosalía de Castro, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, organizou o III Campamento Científico do 25 ao 29 de xuño de 2018.

O Campus dirixido a 20 alumnos/as de 3º e 4º de ESO do IES Rosalía de Castro, consistiu en actividades deseñadas por centros da USC para que o alumnado fixera experimentos e traballara nun contorno universitario.

### PROGRAMA

Data	Horario	Lugar	Actividades
Luns 25 de xuño	09:30 a 13:30	Facultade de Bioloxía	
Martes 26 de xuño	09:30 a 13:30	Facultade de Química	
Mércores 27 de xuño	09:30 a 13:30	ETSE:	ENXEÑARÍA QUÍMICA ENXEÑARÍA INFORMÁTICA
Xoves 28 de xuño	09:30 a 13:30	MATEMÁTICAS	
Venres 29	09:30 a 11:30 12- 13:30	Facultade de Física Resultados de Bioloxía	

### CAMPUS CIENTÍFICOS

Trátase dunha iniciativa organizada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional; Ministerio de Ciencia, Innovación e Cultura e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT).

Dirixido a estudantes de 1º de Bacharelato e 4º de ESO de centros educativos de toda España, pretenden fomentar a investigación científica de excelencia así como o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica, necesarios para incrementar a competitividade da industria española e a mellora da calidade de vida da cidadanía, propiciando a colaboración entre axentes implicados en actividades de I+D+i e a difusión e comunicación dos resultados e actuacións realizadas en investigación e innovación, favorecendo a transferencia do coñecemento en talento innovador e emprendedor, especialmente entre os máis mozos, así como actividades encamiñadas a despertar entre os estudantes vocacións científicas e avivar o seu interese, tanto polo estudo das ciencias como pola actividade investigadora.

Este Programa que conta coa colaboración de 13 universidades pertencentes aos Campus de Excelencia Internacional, que foron seleccionadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional conforme a valoración realizada polos mellores proxectos de acercamento científico presentados.

O profesor Luís Hervella Torrón, Delegado do Reitor para o ensino medio, foi a persoa encargada de coordinar esta actividade na que participaron os seguintes proxectos:

“¿Como eliminar a contaminación da auga?, Atrévete a investigar e innovar!”, “Buscando partículas no maior acelerador da historia: LHC”, “A maxia dos hidroxelos intelixentes” e “MathematiCSI: Mathematical Scene Investigation” dirixidos respectivamente por Gumersindo Feijoo Costa, Xabier Cid Vidal, Francisco Javier Otero Espinar e M<sup>a</sup>. Victoria Otero Espinar.

Esta actividade realizouse no mes de xullo. Na primeira quincena participan un total de 60 estudantes de 1º de Bacharelato distribuídos en dúas quendas dunha semana e na 2ª quincena participan 59 estudantes de 4º de ESO divididos tamén en dúas quendas dunha semana.

A inauguración tivo lugar o luns día 2 de xullo ás 10 horas no Salón de Actos da Residencia Colexio Maior Fonseca (Campus Vida), e estivo presidida pola Vicerreitora de Comunicación, Cultura e Servizos María do Mar Lorenzo Moledo.

NOMBRE DEL PROYECTO	LUGAR DE REALIZACIÓN
BUSCANDO PARTÍCULAS NA MAIOR ACELERADOR DA HISTORIA. LHC	Facultade de Física
A MAXIA DOS HIDROXELES INTELIXENTES	Facultade de Farmacia
COMO ELIMINAR A CONTAMINACIÓN DA AUGA?. ATRÉVETE A INVESTIGAR E INNOVAR!	Escola Técnica Superior de Enxeñaría
MATEMATICSI: MATHEMATICAL SCENE INVESTIGATION	Facultade de Matemáticas

O obxectivo dos Campus Científicos é incentivar a acceso dos estudantes a titulacións científico-técnicas e apoiar a permanencia no primeiro ano dos estudos de Grao para consolidar as vocacións nestes ámbitos. A experiencia permitiralle ao estudantado concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas áreas, así como a súa aplicabilidade na resolución de problemas en diversos campos da investigación e da innovación. A iniciativa posibilitará tamén transmitir aos estudantes a experiencia científica directa, os valores, fundamentos e procesos metodolóxicos da ciencia, conectar a vida non universitaria e universitaria e potenciar a convivencia entre estudantes de diferentes comunidades autónomas.

## REDES SOCIAIS:



**Enxeñaría Química**  
@EnxQuim\_USC

Seguir

2 Grupo de Campus Científicos de Verano en el Departamento #ccv2018 con alumnado de 1 BAC: Patricia (Madrid), Marina (Teruel), Eva (Murcia), Ofelia (Valladolid), Marina (Burgos), María (Cádiz), Rafa (Córdoba), Celua (Murcia) Bienvenidos @FECYT\_Ciencia @UniversidadeUSC



3:37 - 9 jul. 2018

3 Retweets 7 Me gusta



1 3 7

**USC**  
@UniversidadeUSC

Seguir

Xa temos aquí a primeira quenda de participantes nos #CampusCientíficos da @UniversidadeUSC! 🌞🌞🌞🌞



2:09 - 2 jul. 2018

1 Retweet 5 Me gusta



FECYT\_Ciencia

1 5



**Enxeñaría Química** @EnxQuim\_USC · 9 jul.

Con los chic@s de Campus Científicos de Verano 2018 en la Biopaella del @Biogrup @etse\_usc @UniversidadeUSC @FECYT\_Ciencia Actividad de Integración social en la investigación e innovación #ccv2018



5 12



**Antón Taboada Santos**  
@Taboada\_Santos\_

Seguir

Finalizado o primeiro grupo no campus científico de verán organizado pola @UniversidadeUSC no que participa o departamento de @EnxQuim\_USC. Experiencia formidable, gracias chic@s!



3:47 - 6 jul. 2018

5 Retweets 9 Me gusta



1 5 9

## BUSCANDO PARTÍCULAS EN EL MAIOR ACELERADOR DA HISTORIA. LHC

O obxectivo xeral do proxecto é familiarizar ao alumnado coa estrutura fundamental da materia, desde o átomo as partículas elementais que a constitúen e os tipos de interaccións presentes na natureza, e coa historia dos descubrimentos científicos que levaron aos modelos e resultados actuais. Os alumnos tamén adquiren nocións de como funcionan os experimentos de colisión de partículas en aceleradores e cal é a súa finalidade. Máis en concreto, explícase o funcionamento dun acelerador e os detectores, e relátase a diferenza fundamental entre os diferentes detectores do LHC e descríbese que fai ao LHC tan especial.

## A MAXIA DOS HIDROXELES INTELIXENTES

O obxectivo xeral do proxecto é familiarizar aos alumnos con novos materiais baseados en polímeros capaces de responder a estímulos. Durante o curso os estudantes estudarán o comportamento de polímeros e gels e sobre todo das propiedades básicas que resultan de interese no campo da farmacia e a biomedicina. Moitos dos avances no desenvolvemento de biomateriais, produtos sanitarios, medicamentos ou biosensores son posibles grazas ao desenvolvemento de novos sistemas poliméricos hidrofílicos, biodegradables que son capaces de modificar a súa conformación en función das características biolóxicas, químicas ou físicoquímicas do medio. A elevada afinidade polo auga e a posibilidade de modular a estrutura do entramado tridimensional mediante estímulos físicos ou químicos, fai posible o deseño de sistemas con propiedades mecánicas e de cesión de fármacos ou outras sustancias activas moi interesantes. Este curso pretende dar a coñecer as prestacións dos hidroxelos intelixentes a través dunha combinación equilibrada de fundamentos teóricos e preparación e caracterización práctica de sistemas sinxelos.

## COMO ELIMINAR A CONTAMINACIÓN DA AUGA? ¡ATRÉVETE A INVESTIGAR E INNOVAR!

Realizouse unha introdución de carácter xeral a aspectos relacionados co ciclo do auga urbano e a depuración de augas residuais. Déronse a coñecer os distintos contaminantes do auga e como medilos. Descríbóronse as unidades ten unha planta depuradora de augas residuais. Os alumnos aprenderon como os sistemas físico-químicos eliminan os contaminantes sólidos e coloidales. Mostrouse como operar e determinar a eficacia dun sistema de coagulación-floculación, así como a efectividade de diferentes compostos químicos á hora de conseguir unha óptima separación dos contaminantes do auga.

Os alumnos utilizaron o equipo denominado "Ciclón" co fin de estudar a sedimentación de partículas en diferentes cámaras de sedimentación. Con este traballo aprenderon que o proceso de sedimentación está dominado pola velocidade de avance das partículas, que á súa vez depende de dous factores o caudal e a forma e dimensións do sedimentador. Estas dúas prácticas permitiulles adquirir e entender os conceptos teóricos que se atopan aplicados nos equipos a escala real nas plantas de augas residuais



## MATHEMATICS I: MATHEMATICAL SCENE INVESTIGATION

O obxectivo principal desta actividade é transmitir ao alumnado o interese das Matemáticas, enfocándolas como unha ferramenta que resolve múltiples problemas da vida real. O problema fundamental que se trata é a creación dun modelo matemático que estime a evolución dunha poboación de mosquitos. Dita poboación está composta por mosquitos que transmiten o virus do zika e mosquitos modificados xenéticamente incapaces de transmitir tal enfermidade. O citado modelo séguese de noções básicas de xénetica, probabilidade e sucesións.

Trátase ademáis doutros problemas como a ley de enfriamento de Newton, (ecuacións diferenciais sinxelas), os cifrados criptográficos de César e Vigenère, un problema relacionado con xogos das torres de Hanoi e algúns máis. Para iso foi necesario utilizar ordenadores.

Ademais da realización dos proxectos de investigación, o estudiantado tivo ocasión de escoitar os profesores da USC que explicaron temas do seu interese nas seguintes charlas:

PONENTE	TITULO CHARLA
Ángel M <sup>a</sup> Carracedo Álvarez	Para qué sirve el genoma humano
Jorge Mira Pérez	Que distancia nos separa del firmamento
Enrique Macias Virgós	Las Matemáticas del siglo XXI

Tamén participaron en actividades lúdico-deportivas, visitas guiadas ao patrimonio histórico da USC, Museo “Historia Natural” e visita a Fisterra.

